

## Circular informativa

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017

Prezadas/os compañeiras/os

Estou a recibir un gran número de correos desde os centros nos que se expresa a lóxica preocupación pola tardanza na publicación dos criterios xerais da nova proba de acceso á universidade no que atinxe á materia Lingua Galega e Literatura. A recente publicación deses criterios nalgunhas outras materias fai máis patente aínda esa tardanza. Por ese motivo decidín enviar esta circular, previa á publicación dos criterios propiamente ditos, para explicaros en que situación nos atopamos e asemade tentar achegar unha mensaxe de tranquilidade a todas as persoas implicadas no proceso.

O Grupo de Traballo leva semanas debatendo sobre a estrutura e os criterios xerais da proba de galego para as PAAU deste ano 2016/17 e de feito ten ultimado xa o documento para enviar aos centros, similar ao dos grupos de traballo doutras materias que xa o enviaron. En todos os casos (e tamén no noso) a concreción dos contidos susceptibles de avaliarse nas PAAU vén determinada por unhas *Matrices de especificacións* que nas restantes materias foron publicadas xa no BOE en decembro pasado, pois dependen do Ministerio. A peculiaridade en que se atopa a nosa materia é que esa matriz de especificacións (neste caso dependente da Consellería) aínda non está publicada e só aparecerá como anexo a unha "Resolución na que se ditan as instrucións para a realización da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade para o curso 2016/2017" que, por máis que nos foi anunciada como inminente, non se dá publicado no DOG.

En canto esa resolución e, sobre todo, esa matriz de especificacións sexan oficiais (publicadas no DOG ou cando menos feitas públicas na web da Consellería) enviarei unha circular aos centros coa estrutura e criterios xerais da proba. Porén, non parece apropiado enviar unhas directrices que remiten e teñen como base normativa un texto que non ten vixencia legal e do que nós só coñecemos un borrador que aínda non é público (e nós non somos quen para facer público).

Nas múltiples consultas que levamos feitas sempre se nos indica que a publicación deses documentos é inminente. Mais como a inminencia é un concepto insospeitadamente relativo e o tempo pasa, decidín enviarvos esta información. Aproveito a ocasión para facervos saber, adiantando as instrucións que enviaremos canto antes, que **é criterio do Grupo de Traballo manter para a nova proba unha estrutura e uns contidos moi parecidos aos das probas antigas**. Manterase pois o esquema xeral e a ponderación entre as diferentes partes da proba, así como o sistema de preguntas predefinidas para as partes de sociolingüística e literatura. Prevense só algunhas pequenas adaptacións de contido que veñen determinadas polo novo currículo. Isto será así cando menos para este ano 2016/17, dadas as circunstancias excepcionais que concorren no caso, que son por completo alleas á nosa vontade.

Agradezo moito a vosa comprensión e espero que en poucos días poida achegarvos información máis concreta sobre a estrutura e criterios xerais da nova proba.

Cordialmente

Francisco Cidrás Escáneo

Coordinador do Grupo de Traballo